



(PROPOSTA INICIAL)

**Convocatoria de axudas do programa
LEADER Pontevedra-Morrazo 2007-2013**

Gdr 19: Asociación de Desenvolvemento Rural de Pontevedra-O Morrazo

ÍNDICE

1. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDA
2. TERRITORIO ELEXIBLE DO LEADER 2007-2013 PONTEVEDRA-MORRAZO
3. REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS
4. BENEFICIARIOS
5. LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA
6. RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA
7. CADRO FINANCEIRO
8. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADE E ACUMULACIÓN DE AXUDAS
9. COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS
10. TIPOLOXÍAS DE ACCIÓNS SUBVENCIONABLES
11. LIMITACIÓNS SECTORIAIS
12. RÉXIME XERAL DE SUBVENCIONABILIDADE DOS GASTOS
13. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN
14. BAREMO PARA A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS

1. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDA.

A convocatoria de axudas do programa LEADER 2007-2013 para o GDR Pontevedra-Morrazo faise para todo o período de actividade e estará sometida ás anualidades que correspondan a cada medida. A data de admisión de solicitudes comezará o **24 de agosto de 2009** e rematará o **1 de setembro de 2013**.

2. TERRITORIO ELEXIBLE DO LEADER 2007-2013 GDR PONTEVEDRA-MORRAZO.

O ámbito territorial cuberto polo Programa LEADER 2007-2013 é todo o territorio do GDR Pontevedra-Morrazo composto polos concellos de **Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas, Cotobade, A Lama, Marín, Moaña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa**.

Quedan excluídas, segundo o mapa dos GDR publicado por AGADER, as entidades singulares de poboación de máis de 2.000 habitantes (núcleos urbanos de poboación de Bueu, Cangas, Marín, e Pontevedra) e parques empresariais sitos nos concellos non comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010 (Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra e Vilaboa)

3. REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS.

- Estar localizados **no ámbito territorial de actuación do GDR Pontevedra-Morrazo**.
- Ser **viabes** técnica, económica e financeiramente.
- **Axustarse á normativa sectorial** que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser **finalista**, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos.
- Ter **carácter innovador**, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
- Que o **investimento** para o cal se solicita a axuda **non estea iniciado**.
- **Adecuación do proxecto á estratexia do programa**.

4. BENEFICIARIOS.

Poderá ser beneficiario destas axudas calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación do GDR Pontevedra-Morrazo, tales como:

- Persoas físicas
- Persoas xurídicas de carácter privado
 - Sociedade laboral
 - Sociedade mercantil
 - Sociedade civil
 - Soc. agraria de transformación
 - Cooperativa
 - Asociación
 - Fundación
- Entidades públicas de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores
- As comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades

5. LUGAR E FORMA DE PRESENTAR A SOLICITUDE DE AXUDA.

Os promotores deberán presentar, por rexistro de entrada, nas oficinas de atención ao público do GDR Pontevedra-Morrazo a solicitude e a documentación requirida.

Os **modelos normalizados** necesarios para a presentación estarán a disposición dos interesados **na sede provisional do GDR Pontevedra-Morrazo**:

ASOCIACIÓN GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PONTEVEDRA-MORRAZO

Rúa Santa Clara, 4 - 2º
36002 - Pontevedra
Telf: 986 10 81 44/Fax: 986 10 80 09
e.correo: gdr19@mundo-r.com

6. RÉXIME DE AXUDAS POLO QUE SE REXE O PROGRAMA

O programa LEADER 2007-2013 réxese polo Réxime de Axudas publicado, xunto coas Bases Reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, no **DOG N° 115 do Luns, 16 de xuño de 2008** e pola súa modificación publicada no **DOG N° 15 do Xoves, 22 de xaneiro de 2009**.

O réxime de axudas estará dispoñible para a súa consulta nas oficinas do GDR Pontevedra-Morrazo, na súa páxina web e na páxina web de AGADER.

7. CADRO FINANCEIRO

O orzamento público para a aplicación do Programa LEADER 2007-2013 no GDR Pontevedra-Morrazo é o importe da subvención asignada no acordo do **Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008** para o programa sinalado.

O citado orzamento que se plasma no Anexo I que se presenta a continuación, constitúe o marco financeiro en relación ao que o GDR Pontevedra-Morrazo seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do programa. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e dos gastos vinculados ás actuacións de adquisición de capacidades e de promoción do territorio do noso GDR.

Existe un orzamento máximo por tipoloxía de proxecto, dependendo de se o proxecto é productivo ou non productivo. Terán a consideración de **proxectos non produtivos** aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Tamén aqueles outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no municipio de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro. En caso contrario, serán considerados **proxectos produtivos**.

O importe total do devandito orzamento poderá variar como consecuencia da asignación da **reserva de eficacia**, segundo o previsto na epígrafe VII das bases reguladoras da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras (polo que o programa alcanzaría o orzamento total de 5.368.186€), das **modificacións do PDR**, de reprogramacións **do programa do GDR**, da **redistribución de fondos** entre programas dos GDR, do **incumprimento da regra n+2** ou doutros supostos similares.

ANEXO I

PLAN FINANCIERO PROGRAMA LEADER 2007-2013 PONTEVEDRA-MORRAZO

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PUBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	<i>Produtivo</i>	83.424,57	162.958,98	164.101,35	171.201,55	170.095,33	168.528,48	920.310,24
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	<i>Non produtivo</i>	34.840,14	68.055,67	68.532,75	71.497,96	71.035,98	70.381,63	384.344,13
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	<i>Produtivo</i>	156.301,20	305.313,95	307.454,25	320.756,92	318.684,35	315.748,76	1.724.259,42
	<i>Non produtivo</i>	45.068,44	88.035,31	88.652,45	92.488,19	91.890,58	91.044,12	497.179,10
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivo	239.725,77	468.272,93	471.555,60	491.958,47	488.779,67	484.277,24	2.644.569,67
	Non produtivo	79.908,59	156.090,98	157.185,20	163.986,16	162.926,56	161.425,75	881.523,22
	TOTAL	319.634,35	624.363,90	628.740,80	655.944,62	651.706,23	645.702,98	3.526.092,89
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	47.945,15	93.654,59	94.311,12	98.391,69	97.755,93	96.855,45	528.913,93
	Promoción	15.981,72	31.218,20	31.437,04	32.797,23	32.585,31	32.285,15	176.304,64
	TOTAL	63.926,87	124.872,78	125.748,16	131.188,92	130.341,25	129.140,60	705.218,58
TOTAL PROGRAMA		383.561,22	749.236,69	754.488,96	787.133,55	782.047,47	774.843,58	4.231.311,47
							FEADER	2.435.542,89
							AXE	906.306,81
							XUNTA	889.461,77

8. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADE E ACUMULACIÓN DE AXUDAS

As axudas concedidas no marco do programa Leader serán **incompatibles** con calquera outra que, para o mesmo gasto ou investimento, leven **cofinanciamento comunitario**, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros,...).

Con excepción do anterior, as axudas concedidas no marco do programa serán **compatibles** con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo gasto ou investimento, sempre que:

- O importe acumulado das axudas non exceda do custo total da actividade subvencionable.
- O importe acumulado das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas do Estado.

9. COMPLEMENTARIEDADE CON OUTROS FONDOS

Dado que dentro do noso GDR o territorio inclúe concellos costeiros, comprendidos no ámbito de actuación do Fondo Europeo da Pesca:

- Coordinarase a estrutura do GDR coa estrutura dos Grupos de Acción Costeira (GAC) que operarán no territorio: Zona 7 “Ría de Vigo-A Guarda” que inclúe, entre outros, os municipios de Cangas, Moaña e Vilaboia; e Zona 6 “Ría de Pontevedra” que inclúe os municipios de Bueu, Marín e Poio.
- Debido a concorrencia do GDR e de dous GAC establécese que se financiarán exclusivamente polos GACs as intervencións relacionadas co sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro, así como as medidas incluídas nos respectivos PEZ. Non obstante, cando existan outros proxectos que poderían ser elixibles para uns e outros partenariados, delimitaranse os ámbitos de actuación de cada grupo en función da súa maior adecuación á estratexia.

10. TIPOLOXÍAS DE ACCIÓNS SUBVENCIONABLES

Os proxectos subvencionables deberán encadrarse nalgunha das seguintes tipoloxías e medidas:

Medida 411- Dinamización do sector agrario e forestal (só proxectos produtivos).

- Investimentos no sector agrario que impliquen:
 - introdución de novas técnicas de produción
 - recuperación de variedades tradicionais
 - apoio ás novas producións
 - producións extensivas en áreas ambientais sensibles
 - mellora da eficiencia enerxética das explotacións
 - aplicación das TICs nas explotacións
- Aumento do valor económico dos montes
- Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais
 - Transformación e comercialización de produtos agrarios
 - Transformación e comercialización de produtos forestais
- Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal

Medida 412- Mellora ambiental e do contorno rural (só proxectos non produtivos).

- Investimentos non produtivos en explotacións agrarias:
 - Actuacións realizadas na explotación para a mellora da paisaxe en zonas Natura 2000 ou outras zonas de alto valor natural
 - Actuacións de recuperación de elementos históricos, naturais, culturais e patrimoniais representativos da paisaxe agraria

- Investimentos non produtivos en espazos forestais
 - Restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e paisaxístico e de conservación da biodiversidade
 - Uso social, educativo e recreativo dos montes
- Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural

Medida 413- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida (tanto proxectos produtivos como non produtivos).

- Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias (actividades produtivas complementarias que se desenvolvan na propia explotación agraria):
 - Transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades locais na explotación
 - Elaboración e venda de produtos artesanais
 - Agroturismo
 - Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistema agrario ou forestal
 - Prestación de servizos á poboación
- Creación, ampliación, modernización de pemes en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria
- Fomento de actividades turísticas
 - Infraestruturas a pequena escala (por ex.: centros de información turística)
 - Rutas de sendeirismo
 - Desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural
- Servizos para a economía e a poboación rural (actividades culturais e de lecer, implantación de servizos e as súas infraestruturas, actividades vinculadas á mellora dos sectores produtivos do territorio)
- Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural
 - Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural (recuperación de sistemas silvopastoris en montes veciñais sen finalidade produtiva)
 - Desenvolvemento de lugares de alto valor natural
 - Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural
- Formación vinculada a proxectos de investimento material

11. LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Dentro do programa Leader Galiza 2007-2013 establécense limitacións para a subvencionabilidade da seguinte tipoloxía de proxectos:

- Non son subvencionables os centros-residencia de maiores e os centros de protección e reeducación de menores. Non están afectados por esta exclusión as vivendas comunitarias, vivendas tuteladas e centros de día de maiores non dependentes.
- Os proxectos promovidos por entidades públicas e destinados á prestación de servizos do ámbito de actuación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar só serán subvencionables cando a xestión do centro se integre no devandito consorcio.
- Quedan excluídos de subvencionabilidade os establecementos de turismo rural do grupo D.
- Nos establecementos de turismo rural dos grupos A e B e nos establecementos hoteleiros, non son financiáveis investimentos en novas prazas de aloxamento.

- Nos establecementos de turismo rural do grupo C, os investimentos que impliquen a creación de novas prazas de aloxamento só serán financiáveis nos concellos en que se acredite a través dun informe conxunto entre Agader e a Dirección Xeral de Turismo a escaseza de prazas.
- En proxectos que inclúan as prazas de aloxamento como unha actividade complementaria a outra principal (educativa, cultural...) o gasto vinculado ás prazas de aloxamento será gasto elixible cando constitúa unha partida minoritaria dentro do proxecto (inferior ao 30% do investimento)
- Quedan excluídos de financiamento investimentos en enerxías renovables para a venda á rede.
- Nos establecementos de hostalaría e comercio polo miúdo só son subvencionables establecementos dedicados á valorización de produtos ou recursos propios do territorio.
- Os investimentos en actividades de asesoría, seguros, perrucarías, tinturarias, talleres de reparacións, despachos profesionais e asimilados só serán subvencionables en núcleos de poboación onde non exista ningún establecemento que preste este servizo.
- Centros sociais e o seu acondicionamento e equipamento, só serán subvencionables proxectos en centros de uso aberto á poboación en xeral.

12. RÉXIME XERAL DE SUBVENCIONABILIDADE DOS GASTOS

- Gastos subvencionables con carácter xeral:

- Construción, adquisición e mellora de bens inmóbiles.
- Instalacións e compra de maquinaria e equipamentos, incluídos programas informáticos.
- Equipamento e material non funxible.
- Adquisición de terreos non edificadas (límite do 10% do investimento total).
- Custos xerais: estudos técnicos, gastos de proxectos, dirección de obra, estudos de viabilidade, adquisición e expedición de patentes e licenzas e outros gastos de consultoría relativos aos investimentos realizados (límite 20% do investimento subvencionable).
- Gastos derivados da adecuación de vehículo de transporte de mercadorías para o desenvolvemento da actividade empresarial, con exclusión do sector do transporte.
- Adquisición de vehículos de transporte industriais ou comerciais en proxectos que supoñan o inicio dunha actividade, con exclusión do sector do transporte.

- Gastos non subvencionables con carácter xeral:

- IVE excepto se non é recuperable.
- Os demais impostos indirectos se son recuperables e os impostos persoais sobre a renda.
- Gastos de funcionamento da actividade e material funxible.
- Gastos de constitución, rexistras e notariais.
- Os intereses debedores.
- Os gastos anteriores ao levantamento da acta de non inicio a excepción dos gastos relativos a estudos de viabilidade ou redacción de proxectos.
- A reposición ou mera substitución de equipamento e maquinaria.
- As obras de mantemento das instalacións.
- Os gastos de alugamento de equipamentos e os investimentos financiados mediante leasing.
- Adquisición de vehículos de transporte externo en proxectos que non supoñan o inicio de unha actividade.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación.
- As partidas de gastos xerais e o beneficio industrial dos proxectos, agás nos proxectos de promoción pública.

13. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

- Solicitud de axuda, en triplicado exemplar, segundo modelo normalizado.
 - Documentación (orixinal ou copia compulsada):
 - Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.
 - Declaración censual tributaria (036 ou 037) ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á AEAT, cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
 - Ao tratarse de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.
 - Documentación acreditativa do requisito de PEME (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, en que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual, e informe da vida laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, referido ao ano anterior ao da presentación da solicitude.
 - Declaración, en documento normalizado, doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas de minimis.
 - Resumo do proxecto en documento normalizado. Se se considera conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación se vai tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.
 - Orzamento de gastos desagregado por partidas, con indicación, de ser o caso, daquelas que supoñan unha achega en especie ou achega de medios humanos propios, segundo documento normalizado.
- Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 30.000 € no suposto de obra ou os 12.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de acordo cos criterios de eficacia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.
- Para proxectos produtivos, plan de empresa, coa xustificación da súa viabilidade económica financeira para un período mínimo de 5 anos; e para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os documentos normalizados.
 - De ser o caso certificación da AEAT acreditativa do réxime de aplicación do IVE, no suposto de que se solicite exención por IVE soportado polo beneficiario e non recuperable.
 - No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria.
 - Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria.
 - Calquera outra documentación ou información que o interesado considere interesante para a análise do proxecto.

14. BAREMO PARA A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS

Os proxectos aprobados serán baremados segundo o seu carácter produtivo ou non produtivo aplicando os seguintes baremos aprobados por AGADER.

A porcentaxe de axuda e contía da subvención obterase segundo a puntuación acadada polo proxecto no baremo, aplicando as regras que se recollen a continuación.

- Límites de axuda pública máxima

- **Proxecto produtivo: Actividades empresariais co obxecto de xerar emprego e rendas para a poboación que respondan aos obxectivos sinalados no PDR 19**
O importe máximo da axuda pública será de 250.000 € agás condicións máis restrictivas sinaladas no Réxime de axudas. A porcentaxe máxima de axuda será do 45 %.

• **Proxecto non produtivo: Dirixidos a cubrir as necesidades da poboación rural e que respondan a unha visión comarcal.**

O importe máximo de axuda pública será de 250.000 € e a porcentaxe máxima virá determinada pola prioridade do tipo de proxecto segundo a seguinte clasificación:

- **Prioridade ALTA (Ata o 100 %):** *Servizos de igualdade e benestar á poboación, Implantación de TICs no medio rural, Servizos de transporte adaptados a áreas rurais*
- **Prioridade MEDIA (Ata o 70 %):** *Actuacións de recuperación patrimonial e paisaxística, Centros de promoción ou puntos de información turística, Rehabilitación e equipamento de edificios (locais sociais)*
- **Prioridade BAIXA (Ata o 50 %):** *Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio; instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da xunta de Galicia; sinalización de recursos turísticos; participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio; instalacións hípcas ou cinexéticas; eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.*
- **NON ELEXIBEIS:** *Infraestruturas de servizos esenciais obrigatorios para as entidades locais*

- **Criterios de selección e priorización de proxectos**

• **Proxecto produtivo (puntos):**

- Criterios xeográficos	40
- Características económicas do concello.....	10
- Características demográficas do concello	10
- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza	10
- Outros criterios xeográficos.....	10 máx.
- Características do promotor	10
- Incidencias no emprego.....	25
- Impactos sobre o territorio	25

• **Proxecto non produtivo (puntos):**

- Criterios xeográficos	40
- Características económicas do concello.....	10
- Características demográficas do concello	10
- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza	10
- Outros criterios xeográficos.....	10 máx.
- Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto	20
- Impactos sobre o territorio	40

- **Regras básicas de obrigado cumprimento**

• **Proxecto produtivo**

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto produtivo será de 20 puntos; por baixo deste valor, os proxectos non serán subvencionados.

- Relación entre valoración e axuda en proxectos produtivos:
 - 20 puntos: 20 % de axuda
 - 70 puntos ou máis: 45 % de axuda, agás casos especiais sinalados na convocatoria cun máximo inferior.
 - As porcentaxes de axuda entre os valores extremos calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada a un decimal.

• **Proxecto non produtivo**

A puntuación mínima que haberá de obter un proxecto non produtivo será de 20 puntos; por baixo deste valor, os proxectos non serán subvencionados

- Relación entre valoración e axuda en proxectos non produtivos:
 - 20 puntos: 20 % de axuda
 - 70 puntos ou máis:
 - 100 % de axuda para proxectos de prioridade alta
 - 70 % de axuda para proxectos de prioridade media
 - 50 % de axuda para proxectos de prioridade baixa
 - As porcentaxes de axuda entre os valores extremos calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada a un decimal.

PROXECTO PRODUTIVO (máximo 100 puntos):

- Criterios xeográficos 40
 - Características económicas do concello 10
 - Características demográficas do concello..... 10
 - Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza 10
 - Outros criterios xeográficos 10 máx.
- Características do promotor 10
- Incidencias no emprego..... 25
- Impactos sobre o territorio..... 25

CRITERIOS XEOGRÁFICOS 40

- Características económicas do concello (10 puntos)

IMRF 2002 media galega (base 100)	≤ 75	≤ 85	≤ 95	≤ 100
PUNTUACIÓN	10	7.5	5	2.5
	Ponte Caldelas A Lama	Barro Cotobade Campo Lameiro	Vilaboa Cangas Bueu Marín	Poio Moaña

- Características demográficas do concello (10 puntos)

Densidade (5 puntos)

Densidade 2007	CONCELLOS < 50 hab./km ²	50 hab./km ² ≤ CONCELLOS < 100 hab./km ²	100 hab./km ² ≤ CONCELLOS < 150 hab./km ²	parroquias < 150 en concellos > 150
PUNTUACIÓN	5	4	3	2
	A Lama, Cotobade, Campo Lameiro	Barro, Ponte Caldelas		Ermelo, Illa de Ons, Santomé de Piñeiro, Vilaboa, Alba, Verducido, Bora, Santa María de Xeve e Santo André de Xeve, Cerponzóns, A Canicouva, Ponte Sampaio

Variación poboacional (5 puntos)

	Descenso pob. CONCELLOS 2002 - 2007	Descenso pob. CONCELLOS 1996 - 2007	Descenso pob. CONCELLOS 1991 - 2007	Parroquias en descenso de pob. en concellos que non perden poboación 2002 - 2007
PUNTUACIÓN	5	4	3	2
	Barro, Pontevedra, Bueu, Marín, Cotobade, Campo Lameiro	Ponte Caldelas	A Lama	Poio: Raxó, Samiera Cangas: Aldán, O Hío Moaña: Tirán

- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza (10 puntos)

	<500	≥ 500 - 1000	≥ 1000 - 2000	≥ 2000 - 2500	≥ 2500
PUNTUACIÓN	10	7,5	5	2,5	0

- Outros criterios xeográficos (10 puntos máximo)

Zonas desfavorecidas e reequilibrio territorial	SI	NON
Barro, Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Ponte Caldelas	5	0

ÍNDICE DEPENDENCIA POBOACIÓN RURAL (Relación Poboación Ec. Dep. < 20 anos e > 64 anos e Poboación Potenc. Activa 20 a 64 anos)	≥ 60	≥ 55	≥ 50
PUNTUACIÓN	5	3,5	1,5
	Barro, Campo Lameiro, Cotobade, Ponte Caldelas, Vilaboa, A Lama	Bueu, Marín, Pontevedra	Cangas, Poio, Moaña

CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO10

- Promotor pertencente a colectivos desfavorecidos (5 puntos)

A)

Persoas con discapacidade ou en risco de exclusión (1)	Mulleres < 35	Mulleres > 35	Homes < 35
5	4	3	2

(1) *Inmigrantes, emigrantes retornados, persoas con discapacidade e perceptores da RISGA (renda de inserción social de Galicia) e parados de longa duración*

B) No caso de persoas xurídicas valorarase a partir do valor promedio superior ó 50% dos/as socios/as da persoa xurídica.

- Formación e experiencia do promotor (3 puntos)

A) Valorarase con 1,5 puntos a disposición de titulación académica axeitada ao sector e con 1 punto ou fracción ata o máximo deste apartado, por cada ano de experiencia no sector.

B) No caso de persoas xurídicas valorarase con 1,5 puntos ou fracción ata o máximo deste apartado, por cada ano de experiencia no sector.

- Uso do galego no proxecto..... (2 puntos)

INCIDENCIAS NO EMPREGO25

- Creación de emprego neto (10 puntos)

< 25.000 € / emprego	[25.000 € - 50.000) € / emprego	[50.000 € - 75.000) € / emprego	[75.000 € - 100.000) € / emprego	≥ 100.000 € / emprego
10	7.5	5	2.5	0

- Creación de emprego en colectivos desfavorecidos (10 puntos)

Consideraranse colectivos desfavorecidos os mesmos expostos no apartado de características do promotor

≥ 50 %	[25 - 50) %	< 25 %
10	5	0

- Creación de emprego local (5 puntos)

Entenderase por emprego local a contratación de persoas empadroadas no ámbito do GDR 19 no que se xera o proxecto.

≥ 50 %	[25 - 50) %	< 25 %
10	5	0

IMPACTOS SOBRE O TERRITORIO.....25

- Capacidade de arrastre do proxecto (15 puntos)
uso ou transformación de recursos locais ou xeración de servizos á poboación

Valoraranse os proxectos produtivos que teñan por obxecto na súa actividade o uso e/ou transformación de recursos locais/productos/materias primas endóxenas, etc (excluídos os recursos humanos) : 15 puntos.

Os proxectos que xeren servizos á poboación valoraranse con 2 punto por cada 1 punto porcentual de potenciais beneficiarios do territorio ata un máximo de 15 puntos. O cálculo virá determinado polo estudo de viabilidade do proxecto validado polo equipo técnico do GDR.

- Incidencia ambiental (10 puntos)

Valorarase 1 punto por cada 1 % do investimento adicado a melloras ambientais, eficiencia enerxética ou similar ata un máximo de 10 puntos.

PROXECTO NON PRODUTIVO ((máximo 100 puntos):	
- Criterios xeográficos	40
- Características económicas do concello.....	10
- Características demográficas do concello.....	10
- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza	10
- Outros criterios xeográficos	10 máx.
- Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto	20
- Impactos sobre o territorio	40

CRITERIOS XEOGRÁFICOS40

- Características económicas do concello (10 puntos)

IMRF 2002 media galega (base 100)	≤ 75	≤ 85	≤ 95	≤ 100
PUNTUACIÓN	10	7.5	5	2.5
	Ponte Caldelas A Lama	Barro Cotobade Campo Lameiro	Vilaboa Cangas Bueu Marín	Poio Moaña

- Características demográficas do concello (10 puntos)

Densidade (5 puntos)

Densidade 2007	CONCELLOS < 50 hab./km2	50 hab./km2 ≤ CONCELLOS < 100 hab./km2	100 hab./km2 ≤ CONCELLOS < 150 hab./km2	parroquias < 150 en concellos > 150
PUNTUACIÓN	5	4	3	2
	A Lama, Cotobade, Campo Lameiro	Barro, Ponte Caldelas		Ermelo, Illa de Ons, Santomé de Piñeiro, Vilaboa, Alba, Verducido, Bora, Santa María de Xeve e Santo André de Xeve, Cerponzóns, A Canicouva, Ponte Sampaio

Variación poboacional (5 puntos)

	Descenso pob. CONCELLOS 2002 - 2007	Descenso pob. CONCELLOS 1996 - 2007	Descenso pob. CONCELLOS 1991 - 2007	Parroquias en descenso de pob. en concellos que non perden poboación 2002 - 2007
PUNTUACIÓN	5 Barro, Pontevedra, Bueu, Marín, Cotobade, Campo Lameiro	4 Ponte Caldelas	3 A Lama	2 Poio: Raxó, Samiera Cangas: Aldán, O Hío Moaña: Tirán

- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza (10 puntos)

	<500	≥ 500 - 1000	≥ 1000 -2000	≥ 2000 - 2500	≥ 2500
PUNTUACIÓN	10	7,5	5	2,5	0

- Outros criterios xeográficos (10 puntos máximo)

Zonas desfavorecidas e reequilibrio territorial	SI	NON
Barro, Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Ponte Caldelas	5	0

ÍNDICE DEPENDENCIA POBOACIÓN RURAL (Relación Poboación Ec. Dep. < 20 anos e > 64 anos e Poboación Potenc. Activa 20 a 64 anos)	≥ 60	≥ 55	≥ 50
PUNTUACIÓN	5	3,5	1,5
	Barro, Campo Lameiro, Cotobade, Ponte Caldelas, Vilaboá, A Lama	Bueu, Marín, Pontevedra	Cangas, Poio, Moaña

CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR E DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO20

- Igualdade de oportunidades (4 puntos)

Paridade nos órganos directivos ou de goberno (40 - 60)	Paridade na representación societaria ou corporación (40 - 60)
2	2

- Promotor pertencente a colectivos desfavorecidos (*) (4 puntos) ou entidades de economía social

Persoas con discapacidade ou en risco de exclusión (1); Mulleres; e Mozos < 35
4

(1) Inmigrantes, emigrantes retornados, persoas con discapacidade e perceptores da RISGA (renda de inserción social de Galicia) e parados de longa duración

No caso de persoas xurídicas valorarase a partir do valor promedio superior ó 50% dos/as socios/as da persoa xurídica.

- Promotor individual ou agrupado (0-2 puntos)

Referido a figura legal do promotor.

- Ámbito de actuación (8 puntos)

TODO O TERRITORIO	SUPRAMUNICIPAL	LOCAL	INFERIOR AO LOCAL
8	6	4	0

- Uso do galego no proxecto (2 puntos)

IMPACTOS SOBRE O TERRITORIO40

- Xeración de servizos á poboación en situación de dependencia (10 puntos)

Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia, publicada no BOE nº 299, ou lexislación en vigor.

- Incidencia medio ambiental, mínima pegada ecolóxica (10 puntos)

Valorarase 1 punto por cada 2 % do investimento adicado a melloras ambientais, eficiencia enerxética, educación ambiental ou similar ata un máximo de 10 puntos.

- Repercusión do proxecto (10 puntos)

TODO O TERRITORIO	SUPRAMUNICIPAL	LOCAL	INFERIOR AO LOCAL SEN REPERCUSIÓN
10	7,5	4	0

- Emprego de novas tecnoloxías (10 puntos)

Valorarase 1 punto por cada 1 % do investimento adicado a investimentos en novas tecnoloxías ata un máximo de 10 puntos.